

*Memoria da  
Unidade de  
Igualdade  
2019-2020*





A Universidade de Vigo amosou sempre un grande interese pola promoción da igualdade de xénero entre mulleres e homes. Neste senso foi pioneira ao crear a súa Unidade de Igualdade (<https://www.uvigo.gal/es/campus/igualdad>) no ano 2006, antes da obriga legal na disposición adicional duodécima da Lei orgánica 4/2007, do 12 de abril, pola que se modifica a Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro de universidades

A Universidade de Vigo atópase en pleno proceso de aliñamento das súas políticas coa Axenda 2020, orientando a súa estratexia de responsabilidade social cara a consecución dos denominados 17 obxectivos de desenvolvemento sostible (ODS).

Neste senso, a Unidade de Igualdade (<https://www.uvigo.gal/es/campus/igualdad>) ten como prioridade, en liña co Obxectivo 5 da Axenda 2030, a procura da igualdade real e efectiva entre mulleres e homes na nosa institución académica. O Obxectivo 5 é o que estase a converter no pilar e eixe central da Axenda

2030 pois ao resolver a desigualdade de xénero que aínda pervive nas nosas sociedades, o resto dos ODS vanse conquistar dun xeito máis áxil e rápido. Deste modo, poderemos conseguir unha sociedade, en xeral e unha universidade en particular, máis xusta, igualitaria e humana, garantindo que todas as persoas que conforman a nosa comunidade poidan desenvolver a súa actividade académica e laboral con dignidade e nun espazo libre de violencias machistas e de máximo respecto dos dereitos humanos.

As diversas actuacións en transparencia que se presentan neste informe axudar a nosa Universidade no cumprimento do ODS 16, en particular, a meta 16.6 que busca crear institucións eficaces e transparentes que rendan contas á sociedade.

Neste documento relátanse as actividades realizadas dende a Unidade de Igualdade ao longo do curso 2019-2020.



---

---

---

---

---

---

---

---

---

---

## *Contido*

### Introdución

Resumo de contidos

### Bloque I

Axudas convocadas pola Unidade de Igualdade

Días especiais

### Bloque II

Medidas singulares

Actividades de docencia e formación con perspectiva de xénero

Participación en encontros, xornadas e seminarios

Outras actividades

### Bloque III

Actividades Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero

### Bloque IV

Actividades Cátedra Feminismos 4.0 Depo-Uvigo

## *Resumo de contidos*


Esta memoria de actividades doa Unidade de Igualdade correspondente ao curso 2019 2020, agrúpase en varios bloques.

En primeiro lugar, se presentan as actividades ordinarias propias da Unidade de Igualdade, referidas as dúas convocatorias que anualmente ofertamos para financiar actividades docentes e de sensibilización con perspectiva de xénero. Neste mesmo bloque, tamén recóllense as actividades relacionadas cos día especiais como o 8M, 25N e 11F que tamén anualmente veñen a celebrarse na nosa institución académica.

Nun segundo bloque se expoñen ac actividades máis singulares e concretas desenvolvidas epecíficamente ao longo do curso 2019 /2020. Neste senso, este segundo bloque abrangue a participación en encontros, xornadas, seminarios e congresos vinculados cos obxectivos e arquitectura institucional da propia Unidade de Igualdade.

Nun terceiro bloque, agrúpanse todas as múltiples e diversas actividades realizadas coa financiación derivada do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero que a Secretaría Xeral de Igualdade da Xunta de Galicia canaliza.

Por último, o cuarto e derradeiro bloque refírese tamén as múltiples actividades incluídas na Cátedra Feminismos 4.0 DEPO-UVIGO, dirixida dende esta Unidade de Igualdade e financiada pola Deputación de Pontevedra, relacionada coa análise da presenza das mulleres na sociedade dixital.



### *1.1. Axudas convocadas pola Unidade de Igualdade*

Para o ano académico 2019-2020 a Unidade de Igualdade patrocinou, a través das súas convocatorias de axudas, as seguintes actividades (<https://www.uvigo.gal/es/campus/igualdad/profundizar-igualdad>):

#### *Actividades sensibilización con perspectiva de xénero*

- Igualdade de xénero na axenda 2030
- Exposición itinerante exxperimenta en feminino: o papel das mulleres nas disciplinas STEM
- Conferencia de Caelainn Hogan
- Lectura poética: voces en femenino
- Xornada MELINCO: A cooperación ao desenvolvemento dende a perspectiva de xénero e os dereitos humanos. Xornadas de Igualdade-Muller, memoria e xustiza transicional. Da represión franquista á querela argentina
- Axudas para a organización de actividades que contribúan á sensibilización en materia de xénero e á transmisión de valores igualitarios na Uvigo
- V Ciclo conferencias unha mirada de xénero

#### *Actividades docencia con perspectiva de xénero*

- Igualdade de Xénero e Fiscalidade. Perspectiva de xénero no IRPF
- III Xornada Olladas a Antigüidade. Mulleres con nome propio
- Verdadeira corresponsabilidade? Os dereitos de conciliación da vida laboral e familiar despois da reforma de 2019
- A Reforma da Constitución Española desde a perspectiva de xénero
- O vídeo como recurso didáctico en cuestión de xénero. Unha aproximación dende as artes visuais.
- Identidades Creativas: Sen Moldes IV. Comentarios fotográficos sobre os xéneros
- II Conferencia “Control de Xestión dende unha perspectiva de xénero
- Protocolo marco de actuación para a prevención e sanción do acoso sexual e por razón de sexo da universidade creado o 12 de novembro de 2012, a fin de prevenir o acoso sexual e por razón de sexo na nosa universidade. <https://www.uvigo.gal/es/campus/igualdad/prevencion-acoso-sexual-razon-sexo>

*Medidas de conciliación:*

- Escolas Infantís nos campus universitarios de Ourense e Pontevedra destinado a cubrir as necesidades de toda a comunidade universitaria. <https://www.uvigo.gal/es/campus/ventajas/familia/escuelas-infantiles>
- Campus Camp nos tres campus universitarios, ofertados anualmente dende o ano 2014. <https://www.uvigo.gal/es/campus/ventajas/familia/campus-camp>
- Salas de Lactación nos tres campus da Universidade de Vigo, en funcionamento dende o mes de novembro

de 2019, destinado as investigadoras, docentes, traballadoras e alumnas que precisen utilizarlos, co fin de ofrecer un espazo digno, respetuoso e cálido adicado á lactancia materna na nosa universidade. É a primeira universidade galega que conta con salas de lactación e unha das catro en todo país en ofertar estes servizos para acabar coa denominada “ceguera de xénero” nas nosas institucións.

- Puntos Lilas, creados en xullo de 2018, para revenir o acoso sexual nas festas universitarias da universidade, (protocolo, cartelería, formación, camisetas etc.). Realízase en coordinación cos decanatos e coas delegacións de alumnado de cada centro solicitante.

Durante o mes de novembro resolveuse a cuarta convocatoria dos Premios EGERIA de introdución da perspectiva de xénero nos traballos de fin de grao e de máster. Os traballos gañadores foron:

	Xurídico Social	Científico-Tecnolóxico	Artes e Humanidades
TFM	“Tratamento didáctico do téxtil en Tecnoloxía, unha perspectiva Co-educativa de materiais e circuitos en 3º de ESO.”	Non se presentan traballos	“A neutralidade de xénero no galego: proposta de tradución para localización das marcas de xénero do videoxogo Undertale”
TFG	“A vellez máis alá da heteronorma: Un estudo cualitativo sobre a formación, coñecementos, actitudes e percepcións dos/as profesionais de centros para maiores”  “Gestión de la igualdad de género a través del sistema de riesgos corporativos”	Queda deserto por que o traballo presentado non reúne uns requisitos mínimos na aplicación da perspectiva de xénero	“Diccionario terminográfico da cuarta onda do feminismo”


- Realización do Boletín mensual da Unidade de Igualdade. (<https://www.uvigo.gal/es/campus/igualdad/boletin-recursos>)
- Activación do Protocolo de actuación para o cambio de nome e de xénero de uso común das persoas transexuais, transxénero e intersexuais da Uvigo ([https://www.uvigo.gal/sites/uvigo.gal/files/contents/paragraph-file/2018-06/protocolo\\_cambio\\_nome.pdf](https://www.uvigo.gal/sites/uvigo.gal/files/contents/paragraph-file/2018-06/protocolo_cambio_nome.pdf))

*1.2. Días especiais:*

- O 25 de novembro, Día internacional para a Eliminación da Violencia contra as Mulleres, actividades de sensibilización e de denuncia fronte ás dramáticas situacións de violencia contra as mulleres e a publicación do Manifesto da Rede de Unidades de Igualdade de Xénero Universitarias (RUIGEU) e da CRUE.

- O 11 de febreiro, Día Internacional da Muller e a Nena na Ciencia, cos programas «EXXperimenta en feminino» (Ourense) (<https://exxperimentaenfeminino.webs.uvigo.es/es/inicio/>), «Elas fan CienTec» (Vigo) (<https://www.uvigo.gal/sites/uvigo.gal/files/contents/events/2020-02/programaelasfancientec.pdf>) e o «III Concurso escolar de debuxo e redacción», entre outras actividades, a fin de ampliar e estender as actividades neste día para que abrangue a máis alumnado de primaria e secundaria do sur de Galicia.
- O 8 de marzo, Día Internacional da Muller Traballadora, acto institucional da Universidade de Vigo, entregárase o Premio Uviguála no acto institucional conmemorativo deste día.





## 2.1. Medidas singulares

- Elaboración, consulta e aprobación do III Plan de Igualdade de Mulleres e Homes da Universidade de Vigo 2020-2024 a través dun proceso participativo co Comisión de Igualdade, as Enlaces de Igualdade dos centros e toda a Comunidade universitaria ([https://www.uvigo.gal/sites/uvigo.gal/files/contents/paragraph-file/2020-11/III\\_plan\\_igualdade\\_0.pdf](https://www.uvigo.gal/sites/uvigo.gal/files/contents/paragraph-file/2020-11/III_plan_igualdade_0.pdf)).
- Incremento da financiación externa para as actividades da Unidade de Igualdade: 60.000 (DEP)+40.000€ (Secretaría Xeral de Igualdade).
- Actualización do Observatorio de Igualdade. Inclusión de novos informes:
  - Observatorio de Igualdade, onde se recollen cos informes anuais dende o ano 2019 dos datos máis relevantes do portal de transparencia da Universidade de Vigo desagregados por sexo e analizados dende a perspectiva de xénero. [https://www.uvigo.gal/sites/uvigo.gal/files/contents/paragraph-file/2020-09/Observatorio\\_igualdade\\_2020.pdf](https://www.uvigo.gal/sites/uvigo.gal/files/contents/paragraph-file/2020-09/Observatorio_igualdade_2020.pdf)
- Estudos e diagnósticos realizados pola Unidade de Igualdade 2018-2021:
  - Diagnóstico das necesidades de conciliación na Universidade de Vigo 2019 [https://www.uvigo.gal/sites/uvigo.gal/files/docs/nocampus/igualdade/Observatorio\\_igualdade\\_2019.pdf](https://www.uvigo.gal/sites/uvigo.gal/files/docs/nocampus/igualdade/Observatorio_igualdade_2019.pdf)
  - Valoración, percepción e impacto das políticas de igualdade entre mulleres e homes na Universidade de Vigo. [https://www.uvigo.gal/sites/uvigo.gal/files/contents/paragraph-file/2020-04/Valoracions\\_percepcions\\_impacto\\_politicas\\_igualdade\\_uvigo.pdf](https://www.uvigo.gal/sites/uvigo.gal/files/contents/paragraph-file/2020-04/Valoracions_percepcions_impacto_politicas_igualdade_uvigo.pdf)
  - Opinións e actitudes dos homes da comunidade universitaria ante as violencias contra as mulleres [https://www.uvigo.gal/sites/uvigo.gal/files/contents/paragraph-file/2021-01/2020\\_violencia\\_contra\\_as\\_mulleres.pdf](https://www.uvigo.gal/sites/uvigo.gal/files/contents/paragraph-file/2021-01/2020_violencia_contra_as_mulleres.pdf)
  - Violencia estrutural contra as mulleres. Xénero e investigación científica na Universidade de Vigo en tempos da covid-19 [https://www.uvigo.gal/sites/uvigo.gal/files/docs/nocampus/igualdade/2020\\_informe\\_covid.pdf](https://www.uvigo.gal/sites/uvigo.gal/files/docs/nocampus/igualdade/2020_informe_covid.pdf)
- Mantemento e xestión das cinco Salas de Lactación nos 3 campus, coordinación co Vicerreitorado de Planificación.

## 2.2. Actividades de docencia e formación con perspectiva de xénero


- Colección de once Guías para unha docencia universitaria con perspectiva de xénero con versión descargable na web da Unidade de Igualdade (<https://www.uvigo.gal/es/campus/igualdad/docencia-formacion-perspectiva-genero>).
- Itinerario Formativo virtual en Xénero, ofertando a primeira, segunda e terceira edición do mesmo (<http://formacionigualdade.webs7.uvigo.es/inicio/>).

## 2.3. Participación en encontros, xornadas e seminarios.

- XIII Encontro da Red de Unidades de Igualdad de Xénero para a excelencia universitaria: RUIGEU 2020 (virtual). 15-17 de setembro de 2020. Organizan: Unidades de Igualdad das universidades galegas.
- Participación en diversos seminarios e xornadas virtuais sobre a temática da igualdade entre mulleres e homes.

## Outras actividades


- Edición do Calendario Igualdade 2020 «A Igualdade esta de festa » donde se exponen os datos da diagnose do acoso sexual e por razón de sexo na universidade (2018), con versión descargable na web da Unidade de Igualdade ([https://www.uvigo.gal/sites/uvigo.gal/files/contents/paragraph-file/2019-12/calendario\\_igualdade\\_2020.pdf](https://www.uvigo.gal/sites/uvigo.gal/files/contents/paragraph-file/2019-12/calendario_igualdade_2020.pdf)).
- A Unidade de Igualdade, en colaboración coa Unidade de Análisis e Programas, realizáronse informes para a Valedora do Pobo de Galicia e o Informe para a Secretaría Ministerio de Ciencia, en relación a datos desagregados por xénero e políticas de xénero da nosa universidade.
- Coordinación coas unidades de Igualdade galegas e nacionais para a confección de manifestos conxuntos para celebración de días especiais (8M, 25N, 28 Xuño)



### Actividades Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero

Participación no Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero: 40.000 € (Secretaría Xeral de Igualdade)

Formación	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Curso Formación virtual en xénero dirixido ao alumnado, PAS e PDI</li> <li>• Tradución ao galego das Guías docentes con perspectiva de xénero Xarxas Vives.</li> <li>• VI Xornada Universitaria Galega en Xénero.</li> <li>• Xornada de presentación das Guías Docentes con Perspectiva de Xénero traducidas ao galego.</li> </ul>
Sensibilización	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Campañas de prevención de acoso sexual en redes sociais. Cooperativa Numax</li> <li>• Mapas dos campus seguros para as mulleres. Cooperativa Numax</li> <li>• Campaña de masculinidades non tóxicas. Cooperativa Numax</li> <li>• Vídeos da compañía de Teatro A Panadería alumnado de novo ingreso. Xornadas acollida curso 2019-2020.</li> <li>• Difusión do Diagnóstico sobre acoso sexual e por razón de sexo, no Calendario 2020. Laboratorio Numax</li> <li>• Material sensibilización violencia de xénero: Violentometro, minilibros, folletos, etc.</li> </ul>
Investigación	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Estudo e Diagnóstico das aptitudes xerais sobre igualdade e violencia de xénero. Consultora Red Talento</li> <li>• Estudo da percepción do consumo de sexo comercial. Cooperativa Ciudadanía. -</li> <li>• Bibliolabs sobre Violencia de Xénero. Faladoiros e bibliografía. Biblioteca Uvigo e Librería Mulleres Lila de Lilith.</li> <li>• Estudo Violencia estrutural contra as mulleres. Xénero e investigación científica na Universidade de Vigo en tempos da COVID-19</li> </ul>



### *Actividades Cátedra de feminismos 4.0 DEPO-UVigo*

Cátedra de Feminismos 4.0 DEPO-UVIGO, (60.000€ en 2019 e 60.000 € en 2020 ) (<https://www.uvigo.gal/es/campus/igualdad/catedra-feminismos-40>).

- Convocatoria de investigación para proxectos que teñan que ver coa crítica feminista á sociedade dixital
- Convocatoria, resolución e seguemento de Bolsas de Movilidade para alumnado das titulacións STEM que quera facer estancias no estranxeiro para mellorar a súa formación.
- Deseño e organización da primeira e segunda edición do Workshop “Xénero e sociedade dixital: hackeando o patriarcado”, con expertas internacionais, nacionais e locais en relación ás desigualdades de xénero na sociedade dixital e no ámbito STEM.
- Premios GirlGeekCovid para as alumnas brillantes de titulacións STEM con infrerepresentación feminina
- Deseño da Web da Cátedra Feminismos 4.0 DEPO-UVigo
- Comunicacions periódicas nas redes sociais
- Outras actividades

---

---

---

---

---

---

---

---

---

---

\_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_